

# PROGRAMACIÓN

**“RELIXIÓN CATÓLICA”**

Curso: 2021-2022

# INDICE

INTRODUCCION Y CONTEXTUALIZACIÓN.....Páx 2

CONTEXTUALIZACIÓN..... Páx 2

## ETAPA DE EDUCACIÓN INFANTIL

OBJETIVOS.....Páx 3

CONTIDOS.....Páx 3

METODOLOGÍA.....Páx 5

AVALIACIÓN.....Páx 5

## ETAPA DE EDUCACIÓN PRIMARIA

OBJETIVOS..... Páx 6

COMPETENCIAS CLAVE.....Páx 7

CONCRECIÓN POR CURSOS (Objetivos, contenidos, contribución ao desenvolvemento das competencias clave, criterios metodolóxicos, recursos didácticos, medidas de atención a diversidade, avaliación e estándares de aprendizaxe):

- 1º DE EP..... Páx 10

- 2º DE EP..... Páx 12

- 3º DE EP..... Páx 14

- 4º DE EP..... Páx 16

- 5º DE EP..... Páx 18

- 6º DE EP..... Páx 20

## **INTRODUCION**

Comezamos este curso tendo en conta que aínda estamos nunha situación de nova normalidade e iremos adaptando a nosa metodoloxía en función como avance o Covid19. En caso de suspensión de clases presenciais, utilizaremos a aula virtual para que os alumnos poidan seguir traballando dende as súas casas. A clase de relixión cos meus alumnos pretende profundizar nos contidos que os alumnos deben estudar e deben de ter asimilado na etapa anterior, cun sentido máis crítico nesta etapa e desenvolvendo cun maior protagonismo a súa capacidade de creación, innovación e enriquecemento nos seus valores básicos, sustentados nos principios, criterios e valoración propia da ensinanza relixiosa católica.

A escola, desta maneira, compromete ao educando na apertura cara o fundamento e sentido último da vida e polo tanto ao sentido da ciencia e a cultura mesma para a persoa humana. Trátase de aclarar e responder as grandes preguntas que o alumno se fai a se mesmo e que asumirá como opción libre e persoal.

## **CONTEXTUALIZACIÓN**

O CPI Padrenda é un centro situado nun entorno rural en San Roque de Crespos, no municipio de Padrenda(Ourense),cunha poboación de 200 habitantes.

A maioría da poboación dedícase a gandería e agricultura e tamén atopamos un pequeno sector adicado a industria. O nivel socioeconómico das familias e medio-baixo.

## **EDUCACIÓN INFANTIL**

### **1. OBXECTIVOS:**

- Coñecer que Deus forma parte da vida, das cancións e dos xogos dos nenos. Admirar a Xesús e María.
- Saber que son fillos de Deus e os protexidos de Xesús, e que todos somos irmáns.
- Saber que o que Deus fixo e da é estupendo. Respetar a natureza.
- Aprender a querer ós demais, desexar, sentirse útiles e ser capaces de regalar.
- Valorar e respetar ós demais. Respetar as normas de convivencia.
- Valorar as relacións familiares.
- Saber ser solidarios cos máis desfavorecidos.
- Saber solucionar pacificamente os conflitos. Axudar ós nenos máis pequenos. Ter actitudes de cariño.
- Respetar a diversidade. Ter unha imaxe positiva de se mesmo.
- Ser solidario cos enfermos.

## 2. CONTIDOS

### **Elementos da natureza.**

- Observación e recoñecemento de elementos da natureza.
- Actitude de admiración pola variedade de animais e plantas.

### **A Creación, un gran regalo de Deus.**

- Identificación de plantas e animais.
- Toma de conciencia da importancia que ten realizar con esmero os traballos de clase.

### **O relato bíblico «A Creación de Deus».**

- escoita atenta do relato bíblico.
- Curiosidade por coñecer a ensinanza do relato sobre a Creación de Deus.

### **Oración de agradecemento a Deus por poder colaborar con El no coidado da natureza**

- Observación dun xesto de coidado dos animais.
- Agradecemento a Deus a través da expresión corporal por poder colaborar con El no coidado da natureza.

### **Desenvolvemento de bos hábitos.**

- Compromiso de adquirir o hábito de coidar as mascotas.
- Coloreado dunhas mascotas.

### **Importancia de coidar a natureza.**

- escoita atenta do conto da unidade.
- Coloreado de elementos da natureza.

### **Deus pide colaboración e respecto no coidado da natureza e o uso que facemos dela.**

- Recoñecemento de ferramentas para o coidado da natureza.
- Toma de conciencia da importancia de colaborar no coidado da natureza.

### **O relato bíblico «Deus coida das flores.**

- escoita atenta do relato bíblico e da ensinanza.
- Valoración da obra de Deus, respectándoa e colaborando no seu coidado.

### **Hábitos e comportamentos saudables.**

- Identificación de obxectos necesarios para unha boa hixiene diaria.
- Interese por practicar hábitos saudables.

### **A saúde como un regalo de Deus.**

- Comprensión e recitado do contido da unidade.

- Valoración de todos os regalos que Deus nos fai para estar sans.

#### **O relatos bíblicos adaptados a idade e curso.**

- Actitude de escoita ante o relato bíblico e a súa ensinanza.
- Realización das actividades propostas (coloreado, estampado de pegada...) para demostrar a comprensión do contido do relato bíblico.

#### **Oración de agradecemento a Deus por ensinarnos a conservar a saúde.**

- Identificación dos alimentos que nos axudan a estar sans.
- Expresión da oración de gratitude a Deus por ensinarnos a conservar a saúde, con axuda da expresión corporal.

### **3. METODOLOXÍA:**

O proxecto educativo para a etapa de infantil propón unha metodoloxía que favoreza a participación do neno/a no seu propio aprendizaxe mediante propostas de traballo abertas, que animan á cooperación e a lteración social.

O protagonismo do alumno, as súas vivencias, a súa forma de aprender, a súa forma de expresar...son especialmente relevantes neste proxecto.

### **4. AVALIACIÓN (CRITERIOS DE AVALIACIÓN)**

Segundo a *orde do 25 de novembro de 2009 a avaliación*, que formará parte inseparable do proceso educativo, será global, continua e formativa. Será global en canto deberá referirse ao conxunto das capacidades expresadas nos obxectivos da etapa, adecuados ao contexto sociocultural do centro e as características propias do alumnado.

Terá un carácter continuo, pois considerárase un elemento inseparable do proceso educativo, mediante o cal os profesionais que atenden ás nenas e os nenos recollen de forma continua información sobre o proceso de ensinanza e aprendizaxe. A avaliación terá, en consecuencia, un carácter formativo, regulador e orientador do proceso educativo, ao proporcionar unha información constante que permitirá mellorar tanto os procesos como os resultados da intervención educativa.

Servirá para detectar, analizar e valorar os procesos de desenvolvemento do alumnado, así como as aprendizaxes. Para estes efectos, os criterios de avaliación se utilizarán como referente para a identificación das posibilidades e dificultades de cada alumno e cada alumno e para observar o seu proceso de desenvolvemento e as aprendizaxes adquiridas.

Entre os criterios de avaliación destacamos os seguintes:

- Diferenza as partes do corpo que se utilizan para xogar.
- Imita actividades que se poden realizar coas diferentes partes do corpo.
- Escoita os relato bíblicos.

- Expressa unha oración de agradecemento a Deus, polo corpo que nos regala, coa axuda da expresión corporal.
- Adquire o propósito de saudar os amigos.
- Identifica os xestos de axuda que aparecen en cada escena.
- Adquire o propósito de axudar a poñer a mesa para colaborar nas tarefas de casa.

## EDUCACIÓN PRIMARIA

### OBXECTIVOS XERAIS

A Educación Primaria contribuirá a desenvolver nos nenos e nenas as capacidades que lles permitan:

- ❖ Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- ❖ Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza nun mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- ❖ Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos, que lles permitan desenvolverse con autonomía no contorno familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.
- ❖ Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con minusvalidez.
- ❖ Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua castelá e, se a houbese, a lingua cooficial da comunidade autónoma, e desenvolver hábitos de lectura.
- ❖ Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.
- ❖ Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaces de aplicarlos ás situacións da súa vida cotiá.
- ❖ Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura.
- ❖ Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.
- ❖ Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
- ❖ Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.

- ❖ Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.
- ❖ Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas.
- ❖ Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.

### COMPETENCIAS CLAVE:

COMPETENCIA	INDICADORES	DESCRITORES
<b>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.</b>	<u>Coidado do contorno ambiental e dos seres vivos</u>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Interactuar co contorno natural de xeito respectuoso.</li> <li>• Comprometerse co uso responsable dos recursos naturais para promover un desenvolvemento sostible.</li> <li>• Respectar e preservar a vida dos seres vivos do seu contorno.</li> </ul>
	<u>Vida saudable</u>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Desenvolver e promover hábitos de vida saudable en canto á alimentación e ao exercicio físico.</li> <li>• Xerar criterios persoais sobre a visión social da estética do corpo humano fronte ao coidado saudable deste.</li> </ul>
	<u>A ciencia no día a día</u>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Recoñecer a importancia da ciencia na nosa vida cotiá.</li> <li>• Aplicar métodos científicos rigorosos para mellorar a comprensión da realidade circundante.</li> <li>• Manexar os coñecementos sobre <i>ciencia e tecnoloxía</i> para solucionar problemas e comprender o que acontece a noso redor.</li> </ul>
	<u>Manexo de elementos matemáticos</u>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Manexar a linguaxe matemática con precisión en calquera contexto.</li> <li>• Identificar e manipular con precisión elementos matemáticos (números, datos, elementos xeométricos...) en situacións cotiás.</li> </ul>

	<u><i>Razoamento lóxico e resolución de problemas</i></u>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Aplicar os coñecementos matemáticos para a resolución de situacións problemáticas en contextos reais e en calquera materia.</li> <li>• Realizar argumentacións en calquera contexto con esquemas lóxico-matemáticos.</li> <li>• Aplicar as estratexias de resolución de problemas a calquera situación problemática.</li> </ul>
<b><i>Comunicación lingüística</i></b>	<u><i>Comprensión: oral e escrita</i></u>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Comprender o sentido dos textos escritos.</li> <li>• Captar o sentido das expresións orais: ordes, explicacións, indicacións, relatos...</li> <li>• Gozar coa lectura.</li> </ul>
	<u><i>Expresión: oral e escrita</i></u>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Expresar oralmente, de xeito ordenado e claro, calquera tipo de información.</li> <li>• Utilizar o coñecemento das estruturas lingüísticas, normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos.</li> <li>• Compoñer distintos tipos de textos creativamente con sentido literario.</li> </ul>
	<u><i>Normas de comunicación</i></u>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Respetar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor...</li> <li>• Manexar elementos de comunicación non verbal, ou en diferentes rexistros nas diversas situacións comunicativas.</li> </ul>
	<u><i>Comunicación noutras linguas</i></u>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Entender o contexto sociocultural da lingua, así como a súa historia para un mellor uso desta.</li> <li>• Manter conversas noutras linguas sobre temas cotiáns en distintos contextos.</li> <li>• Utilizar os coñecementos sobre a lingua para buscar información e ler textos en calquera situación.</li> <li>• Producir textos escritos de diversa complexidade para o seu uso en situacións cotiáns ou de materias diversas.</li> </ul>
<b><i>Competencia dixital</i></b>	<u><i>Tecnoloxías da información</i></u>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Empregar distintas fontes para a busca de información.</li> <li>• Seleccionar o uso das distintas fontes segundo a súa fiabilidade.</li> <li>• Elaborar e publicitar información propia derivada de información obtida a través de medios tecnolóxicos.</li> </ul>
	<u><i>Comunicación audiovisual</i></u>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas.</li> <li>• Comprender as mensaxes que veñen dos medios de comunicación.</li> </ul>



	<u>Utilización de ferramentas dixitais</u>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.</li> <li>• Actualizar o uso das novas tecnoloxías para mellorar o traballo e facilitar a vida diaria.</li> <li>• Aplicar criterios éticos no uso das tecnoloxías.</li> </ul>
<b>Conciencia e expresións culturais</b>	<u>Respecto polas manifestacións culturais propias e alleas</u>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Mostrar respecto cara ás obras máis importantes do patrimonio cultural no ámbito mundial.</li> <li>• Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural.</li> <li>• Apreciar os valores culturais do patrimonio natural e da evolución do pensamento científico.</li> </ul>
	<u>Expresión cultural e artística</u>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Expresar sentimentos e emocións desde códigos artísticos.</li> <li>• Apreciar a beleza das expresións artísticas e no cotián.</li> <li>• Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.</li> </ul>
<b>Competencias sociais e cívicas</b>	<u>Educación cívica e constitucional</u>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Coñecer e aplicar dereitos e deberes da convivencia cidadá no contexto da escola.</li> <li>• Identificar as implicacións que ten vivir nun Estado social e democrático de dereito referendado por unha norma suprema chamada Constitución Española.</li> </ul>
	<u>Relación cos demais</u>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Desenvolver capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo e para a resolución de conflitos.</li> <li>• Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos.</li> <li>• Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas.</li> </ul>
	<u>Compromiso social</u>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.</li> <li>• Concibir unha escala de valores propia e actuar conforme a ela.</li> <li>• Evidenciar preocupación polos máis desfavorecidos e respecto aos distintos ritmos e potencialidades.</li> <li>• Involucrarse ou promover accións cun fin social.</li> </ul>
<b>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor</b>	<u>Autonomía persoal</u>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Ser constante no traballo superando as dificultades.</li> <li>• Dirimir a necesidade de axuda en función da dificultade da tarefa.</li> </ul>
	<u>Liderado</u>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Xestionar o traballo do grupo coordinando tarefas e tempos.</li> <li>• Contaxiar entusiasmo pola tarefa e confianza nas posibilidades de alcanzar obxectivos.</li> </ul>

	<u><i>Creatividade</i></u>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos do tema.</li> <li>• Configurar unha visión de futuro realista e ambiciosa.</li> <li>• Atopar posibilidades no contorno que outros non aprecian.</li> </ul>
	<u><i>Emprendemento</i></u>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Optimizar o uso de recursos materiais e persoais para a consecución de obxectivos.</li> <li>• Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas.</li> </ul>
<u><i>Aprender a aprender</i></u>	<u><i>Perfil de aprendiz</i></u>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas...</li> <li>• Desenvolver as distintas intelixencias múltiples.</li> <li>• Xestionar os recursos e as motivacións persoais en favor da aprendizaxe.</li> <li>• Xerar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe.</li> </ul>
	<u><i>Ferramentas para estimular o pensamento</i></u>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente...</li> <li>• Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.</li> </ul>
	<u><i>Planificación e avaliación da aprendizaxe</i></u>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Planificar os recursos necesarios e os pasos que cómpre realizar no proceso de aprendizaxe.</li> <li>• Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os pasos seguintes en función dos resultados intermedios.</li> </ul>

## **PRIMEIRO CURSO**

### **1. OBXECTIVOS**

- Coñecer, apreciar e respectar o patrimonio cultural-relixioso como expresión da fe católica.
- Comprender e valorar o sentido sagrado, festivo, cultural e celebrativo das festas e os seus ritos, especialmente na liturxia da Igrexa.
- Coñecer a *Biblia* e identificar o sentido dalgúns textos básicos como Palabra de Deus.
- Comprender a relación intrínseca entre os valores básicos do ser humano e a acción creadora de Deus Pai.
- Valorar a novidade do amor de Deus que nos salva do pecado e da morte, polo seu Fillo Xesucristo.

- Descubrir en Xesucristo o fundamento para un estilo de vida cristián.
- Identificar a Igrexa nas súas manifestacións e o servizo eclesial prestado polos apóstolos e polos seus sucesores.
- Recoñecer os valores cristiáns xa presentes nas figuras bíblicas máis destacadas da historia da Salvación.
- Valorar a relación entre a fe e o comportamento cristián, coñecendo as raíces e o sentido da acción e do compromiso cristián.
- Descubrir a relación entre o destino eterno do home e a realidade temporal na que está a vivir, apreciando a vitoria de Cristo sobre a morte.

## 2. CONTIDOS

- A Creación como obra admirable de Deus para o ser humano.
- A Palavra de Deus e a comunicación de Deus co home.
- Deus maniféstase como Deus Pai, creador e misericordioso.
- O amor de Deus que nos fai fillos seus.
- Os fillos de Deus podemos falar con El.
- Xesucristo ensínanos.
- Deus manifesta o seu amor dando a vida por nós.
- Xesucristo resucitou, acompáñanos e queda connosco.
- A gran familia dos fillos de Deus, a Igrexa cre, reza e xúntase para celebrar o amor de Deus.
- As festas e celebracións do ano litúrxico. O sentido da festa cristiá: Deus connosco.
- Significado das festas marianas máis importantes.
- Significado e sentido dalgúns símbolos relixiosos nas celebracións: a auga, o lume, a luz, o aceite, os xestos, a música.
- A gran festa do ceo como agasallo de Xesús para os seus amigos.

### 2. METODOLOXÍA:

Os alumnos deben comprender a mensaxe cristiá, o cal fundamenta e motiva os valores e as actitudes básicas e favorece os hábitos de comportamento. Con todo, preténdese que o alumno adquira as competencias adecuadas á súa idade e ao tempo de cada etapa.

Non pode existir unha formación integral e, polo tanto, unha educación de calidade se non se desenvolven todas as capacidades inherentes ao ser humano, entre as cales se atopa constitutivamente a capacidade transcendente; por iso, debemos ter en conta que cada alumno parte dunhas fortalezas individuais que serán base para construír a súa identidade e á dos outros.

Cada unha das fortalezas individuais do alumnado axudaranos a definir a predominancia de cada unha das súas intelixencias, polo que as tarefas que cómpre realizar estarán pensadas desde a teoría das intelixencias múltiples como posibilidade para que todo o alumnado chegue a adquirir todos aqueles aspectos que necesitan para poder desenvolver unha aprendizaxe permanente ao longo da vida. Por todo iso, deberán manexar diferentes destrezas que impliquen o traballo en grupo colaborador como unha forma

de vivenciar e experimentar todo o que fai referencia ao sentido da vida, á dimensión crente vivida desde un sentido comunitario.

Os contidos da área de Relixión Católica están organizados arredor duns conceptos fundamentais vinculados a contexto real; será importante traballar a parte competencial de forma que o coñecemento se transforme en acción, en experiencia, en vivencia, e aplicalo na medida do posible a contextos próximos aos alumnos.

#### **4. AVALIACIÓN:**

Neste apartado pretendemos promover a reflexión docente e a autoavaliación da realización e o desenvolvemento de programación didáctica. Para iso, ao finalizar cada unidade didáctica propónse unha secuencia de preguntas que permitan ao docente avaliar o funcionamento do programado na aula e establecer estratexias de mellora para a propia unidade.

De igual modo propoñemos unha ferramenta para a avaliación da programación didáctica no seu conxunto, pódese realizar ao final de cada trimestre para recoller as melloras no seguinte.

### **SEGUNDO CURSO**

#### **1. OBXECTIVOS:**

- Buscar a felicidade na vida recoñecendo a incapacidade de alcanzala por si sós.
- Recoñecer a bondade de Deus Pai ao crear o home para que sexa feliz.
- Comprender a amizade de Deus coa humanidade a través do Paraíso.
- Recoñecer e identificar nos relatos bíblicos a acción de Deus na historia
- Ver en Deus Pai a vida dos Patriarcas: protección, coidado e acompañamento.
- Valorar na figura de Deus a busca da salvación do home.
- Recoñecer a resposta de María a Deus e valorala.
- Comprender o que significa o tempo Advento.
- Afondar no sentido do Nadal.
- Identificar o Bautismo como a vía de entrada na Igrexa.
- Recoñecer e identificar os signos do Bautismo.
- Identificar o Pai como figura de unidade na Igrexa.
- Afondar no coñecemento dos tempos litúrxicos.

#### **5. CONTIDOS:**

- Deus, pai da humanidade, quere a nosa felicidade.
- Deus crea o home para ser o seu amigo. O Paraíso como signo de amizade.
- A Biblia narra o que Deus fixo na historia.
- Deus actúa na historia. A amizade de Deus cos Patriarcas.
- Deus propón ao home un camiño de encontro con El.

- Deus elixe a María para que o seu fillo se faga home.
- O Advento, espera do cumprimento da promesa de salvación.
- O Nadal: nacemento do Salvador.
- O Bautismo: incorporación á Igrexa.
- A unidade eclesial: fillos dun mesmo Pai.
- Xesucristo santifica o tempo: o ano litúrxico.

## 6. METODOLOXÍA:

Traballar de xeito competencial na aula supón un cambio metodolóxico importante; o docente pasa a ser un xestor de coñecemento dos alumnos e o alumno adquire un maior grao de protagonismo.

En concreto na área de Relixión Católica:

- Os alumnos deben comprender a mensaxe cristiá, o cal fundamenta e motiva os valores e as actitudes básicas e favorece os hábitos de comportamento. Con todo, preténdese que o alumno adquiera as competencias axeitadas á súa idade e ao tempo de cada etapa.
- Non pode existir unha formación integral e, polo tanto, unha educación de calidade, se non se desenvolven todas as capacidades inherentes ao ser humano, entre as cales se atopa constitutivamente a capacidade transcendente; por iso, debemos ter en conta que cada alumno parte dunhas fortalezas individuais que serán base para construír a súa identidade e a dos outros.

Na materia de Relixión Católica utilizaremos unha metodoloxía que respectará os seguintes principios:

- Recoñecemento do rol do docente. O docente é peza clave na elaboración e implementación de actividades de aula axustadas ao grupo concreto ao que está ensinando. A súa formación resulta, polo tanto, fundamental á hora de garantir o éxito do proceso de aprendizaxe.
- Adaptación ao ámbito emocional e cognitivo dos estudantes respectando o desenvolvemento psicoevolutivo propio de cada etapa. Esta atención permitirá combinar de xeito adecuado o concreto e o abstracto, o traballo individual e o grupal, o manipulativo, experiencial e visual cos aspectos conceptuais.
- Respecto polos ritmos e estilos de aprendizaxe dos estudantes. Non todos os estudantes son iguais, non todos aprenden á mesma velocidade nin utilizan as mesmas estratexias. A atención á diversidade e o desenvolvemento da inclusión comeza na asunción deste principio fundamental.

Cada unha das fortalezas individuais do alumnado axudarannos a definir a predominancia de cada unha das súas intelixencias, polo que as tarefas que cómpre realizar estarán pensadas desde a teoría das intelixencias múltiples como posibilidade para que todo o alumnado chegue a adquirir todos aqueles aspectos que necesitan para poder desenvolver unha aprendizaxe permanente ao longo da vida.

Nesta área, os alumnos iníciáanse no desenvolvemento da busca do sentido último da vida enraizada no máis profundo do ser; o alumno vai descubrindo a nos símbolos e signos do seu contorno, no progreso e na humanización do propio ser humano, na linguaxe narrativa da Biblia, nos modelos cristiáns de identificación, e de forma máis concreta, na persoa de Xesucristo e a súa presenza na comunidade cristiá. Por todo iso, deberán manexar diferentes destrezas que impliquen o traballo en grupo colaborador como unha forma de

vivenciar e experimentar todo o que fai referencia ao sentido da vida, á dimensión crente vivida desde un sentido comunitario.

#### 4. AVALIACIÓN:

Neste apartado pretendemos promover a reflexión docente e a autoavaliación da realización e o desenvolvemento de programación didáctica. Para iso, ao finalizar cada unidade didáctica propónse unha secuencia de preguntas que permitan ao docente avaliar o funcionamento do programado na aula e establecer estratexias de mellora para a propia unidade.

De igual modo propoñemos unha ferramenta para a avaliación da programación didáctica no seu conxunto, pode realizarse ao final de cada trimestre para recoller as melloras no seguinte.

### TERCEIRO CURSO

#### 1. OBXECTIVOS

- Coñecer, apreciar e respectar o patrimonio cultural-relixioso como expresión da fe católica.
- Comprender e valorar o sentido sagrado, festivo, cultural e celebrativo das festas e os seus ritos especialmente na liturxia da Igrexa.
- Coñecer e manexar a *Biblia* recoñecendo a súa estrutura de forma básica. Identificar o sentido dalgúns textos básicos como Palabra de Deus.
- Comprender a relación intrínseca entre os valores básicos do ser humano e a acción creadora de Deus Pai.
